



SARABELATEATRO

W. SHAKESPEARE

MACBETH

FERNANDO DACOSTA, ELENA SEIJO, SUSO DÍAZ, FINA CALLEJA, TITO ASOREY, SABELA GAGO, XOSÉ K. PORTO "JOSITO", NATE BORRAJO, DAVID VARELA,
escenografía e vestuario, JOSÉ TOPE, iluminación, LA FAUST UND VOLK, maquillaje, CARMELA MONTERO, música escena, JORGE MONTE e TIBBO LACASA/Verónica, JOSÉ RÍOS/FERNÁNDEZ, Art. dirección, JOSÉ TOPE

**DIRECCIÓN
HELENA PIMENTA**



SARABELA

LAOUBAUBETH

Por que as primeiras sensacións que afloran cando pensamos en qué significa que Helena Pimenta dirixa en Sarabela e en Ourense son que é: **un luxo, un pracer, un privilexio, unha festa?**...

Se cadra, porque é a muller que escoita "de verdade"; a provocadora **de afectos; a comunicadora "responsable" e consciente; a enerxía personificada;** a sedución do riso aberto; a muller colectora de inmensidades; creadora "a morte"...

Sen dúbida, porque a súa xenerosidade lle permite conectar coa **poética, a experiencia e os recursos dun equipo "entregado",** comprometido, apaixonado e resistente, que vén de celebrar as súas **vodas de prata coa táboa..**

Porque o seu estilo sistemático, rigoroso e fondo fana merecente **de ser considerada unha das mellores entre todos os directores** de escena de España (e parte do estranxeiro), avalada por unha **traxectoria coherente e lúcida.**

Porque, asemade, é experta en Shakespeare, manancial do que **bebe coa alma, dende a sensibilidade do contemporáneo, dando** pasos cara á comunicación cun público intelixente **ao que respecta. Con vós, espectadores/as ávidos/as** de teatro "vivo".

Ángeles Cuña Bóveda, directora de Sarabela

A historia da humanidade é a historia da loita violenta polo poder, conclúe Shakespeare na que é considerada a súa última obra:

"A tempestade", traicións, tentativas de usurpación, usurpacións mesmas ocupan cada unha das tramas como un mecanismo que se repetise ata o infinito.

Só uns anos antes, o autor inglés mergullárase nos aspectos máis tenebrosos da alma humana para observar a historia dende unha traxedia íntima, familiar que alcanza o interese xeral:

"Macbeth".

O heroe-vilán, cun nome que dá título á traxedia, e a súa esposa, movidos por unha ambición sen límites morais, conseguen o trono de Escocia mediante o asasinato, desatando un inferno que non son quen de controlar. Macbeth é demasiado ambicioso para que a súa conciencia impida o asasinato e ten demasiada conciencia para ser feliz coma asasino.

Conxuros, sinais, profecías todo lle vale para espantar o seu medo, que non obstante, acrecéntase canto máis ten que perder. Todo lle vale para xustificar a súa viaxe á escuridade onde cre poder acabar coa incertidume de morrer algún día.

Sñoando coa inmortalidade Macbeth asasina a verdade e a libertade, a súa e a de todos.

Como vai agora o mundo, señor? Pregunta un personaxe anónimo despois do asasinato do rei Duncan. É que non o ves? - respóndenlle.

A pesar da estrañeza que hoxe nos produce unha obra que dá conta do "mal" de forma tan descarnada, o tempo non pasou.

Helena Pimenta, directora de Macbeth.

"É considerada como unha das mellores "servidoras" de Shakespeare no noso idioma. Helena Pimenta será tamén un dos apoios do novo director da Compañía Nacional de Teatro Clásico". (El Cultural de El Mundo)

"Algúns asóciana xa a Helena Pimenta co teatro clásico e especialmente con Shakespeare. Teno merecido, no mellor sentido. As súas montaxes sorprenden pola súa enorme cercanía respetando o texto, polo seu oído para o verso, polos seus atrevementos: o maior de todos, amar a palabra viva".

Mario Cuesta. (Revista 51, 15/02/05-16/03/05)

Puiden ir á estrea en Ourense, nun día de calor tropical; atopei un intenso traballo, cun espectáculo que cabalgaba e facía cabalgar ao corazón do público. Un sólido grupo de actores que traballaran a morte neste proxecto e unha proposta chea de solucións intelixentes dende a escenografía e a posta en escena. Tomé e Pimenta forman unha das grandes sociedades de creadores do noso país, tal vez de Europa.

Creo que o que queríamos facer está feito: unha proposta textual adaptada como unha luva á compañía - ademais, coa tradución, creo que brillante, de Nati Borrajo - que reflexiona sobre o que Macbeth nos di de nós mesmos, do noso tempo; un espectáculo cheo de tensión dramática que vencella o noso acervo clásico cunha mirada ás noticias de hoxe en día (e á nosa propia historia recente, como indicou algún crítico); unha solución estética brillante, intelixente, capaz de emocionar e de mover á reflexión.

Creo que fixemos o que queríamos facer: teatro; é dicir, un traballo no que se une a vontade, o esforzo e o talento de moitas persoas.

Sobre esta versión, tan libre e tan chea de respecto: conversamos sobre a nosa visión da traxedia de Shakespeare, sobre o que está no texto, dende unha mirada cos ollos limpos; indagamos na historia real que a inspirou, para entender mellor a Grouche, é dicir, a Lady Macbeth; observamos os nosos corazóns, rabuñados polas guerras de cada día, e a nosa memoria, na que as paisaxes da guerra de Bosnia, tan parecidas ás nosas, xeáranos o corazón; visitamos o acervo das tradicións celtas e galegas, as súas supersticións, para encher de verdade esta historia chea de meigas e de aparecidos.

(...) Abro o capítulo de agradecementos: a Helena por pensar neste antigo fan seu para este proxecto; a Sarabela por aceptar a miña participación co cariño que o fixeron. E abro capítulo de desexos: Ogallá o esqueleto de Shakespeare tivera un ollo de vidro. Estou seguro de que este traballo de Sarabela lle gustaría, pareceríalle tan seu como o que el estreou hai cousa de catro séculos. Ogallá que o público goce co resultado tanto como gozamos nós co proceso de creación.

José Ramón Fernández, versión de Macbeth

Premio Calderón de la Barca, 1993, pola obra "Para quemar la memoria"

Finalista do Premio Tírso de Molina, 1998, pola obra "La tierra"

Premio Lope de Vega, 2003, por "Nina"

Co-autor de "La trilogía de la juventud": "Las manos" Premio Max da SGAE, mellor texto en castelán 2002. "Imagina", finalista do Premio Nacional de Literatura 2003

SARABELA TEATRO
MACBETH,
de W.Shakespeare

FICHA ARTÍSTICA.

FERNANDO DACOSTA.
MACBETH
ELENA SEIJO.
LADY MACBETH
TITO ASOREY.
ROSS
FINA CALLEJA.
BRUXA 1, MALCOLM
SUSO DÍAZ.
DUNCAN, MACDUFF, ASASINO 1
SABELA GAGO.
BRUXA 2, ENFERMEIRA, LADY MACDUFF
XOSÉ A.PORTO "JOSITO".
BANQUO, VELLO SIWARD, MENSAXEIRO
NATI BORRAJO.
BRUXA 3, MILICIANA, FILLO
DAVID VARELA.
ASASINO 2, MÉDICO, XOVEN SIWARD

Datos técnicos do espectáculo.

escenario, 9 m ancho/ 7,50 m fondo/ 5,50 alto
potencia eléctrica. Trifásica a pé de escenario. 50.000 w.
Transporte da compañía. Camión 6720 DDR.
Responsable técnico. Suso Díaz 637 74 20 68

DISTRIBUCIÓN.

FINA CALLEJA. 629 860 580

www.sarabellateatro.com

e-mail. sarabellateatro@yahoo.es

SARABELA
SARABELA TEATRO

MACBETH
MACBETH

FICHA TÉCNICA.

DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO
JOSÉ TOMÉ
DESEÑO DE ILUMINACIÓN
LA FAUST UND VOLK
DESEÑO DE MAQUILLAXE
CARMELA MONTERO
ESPAAO SONORO
IÑIGO LACASA, JORGE MUÑOZ
DESEÑO GRÁFICO
1:MEDIA

REALIZACIÓN ESTRUTURAS
CMG
REALIZACIÓN ESCENOGRAFÍA
SARABELA TEATRO
FOTOGRAFÍA
MARIO G.HERRADÓN
ALBA VÁZQUEZ CARPENTIER
VIDEO
ALBA VÁZQUEZ CARPENTIER
PRODUCCION ARTÍSTICA
FINA CALLEJA
PRODUCCIÓN ECONÓMICA
ELENA SEIJO
DISTRIBUCIÓN
FINA CALLEJA

TÉCNICOS DE LUZ E SON
RUBÉN DOBAÑO, J.MANUEL BAYÓN

ASISTENTE DE DIRECCIÓN
MARÍA GALLEGO
ADXUNTO Á DIRECCIÓN
JOSÉ TOMÉ
VERSIÓN
JOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ
TRADUCIÓN AO GALEGO
NATI BORRAJO

DIRECCIÓN
HELENA PIMENTA

AGRADECIMENTOS: MARIBEL FEIJÓO, CARLOS VARELA,
CARLOS DOMÍNGUEZ, ARTEFICCIÓN S.L., ATADORA (GUSTAVO),
VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO
CAMPUS DE OURENSE.

Hai citas que non se deberían perder por todas as cousas que poden aportar, (...) Por iso, a nova montaxe de Sarabela, Macbeth, dirixida por Helena Pimenta, debe de ser unha desas datas. Ninguén sairá invicto. Poucas veces Macbeth e o seu mundo de ambición é tan próximo e tan dolorosamente recoñecible como na última montaxe de Sarabela dirixida por Helena Pimenta. (...)
Sonia Torres -La Región (13-VII-06)

A nova montaxe de Sarabela non deixou a ninguén indiferente. A súa adaptación de Macbeth baixo a dirección de Helena Pimenta é todo un luxo. A ambición polo poder, a traición, a dor e a morte enfróntanse ao público que pode, perfectamente, escudriñar os seus ollos...
La Región (20-VII-06)

Sarabela leva tanteado con firmeza durante a súa resistente carreira teatral contra esa fantasía do destino. O novo paso é argumentalmente máis terrible que os anteriores pero non mesmo exemplificador. Macbeth, o síndrome de Estocolmo continuo que produce, o poder agravado pola manía persecutoria tan habitual dos que entenden que posúen unha verdade decisiva ou superior.
C. del Amo - La Voz de Galicia (23-VII-06)

Chorei con eles, rín, sentín, crecín, toquei as nubes e deixei-me ir con Sarabela entre bicos. As súas representacións son como gotas de chuvia, lixeiras, frescas, estimulantes. (...) O seu Macbeth é a única "transgresión" de Shakespeare que realmente chegou a miña alma. Visualmente é espléndido. Fernando Dacosta crea un personaxe imborrable, o mellor Macbeth dos últimos Macbeth. É unha obra actual que non cae na seudorixiladade modernista que ten asasinado aos clásicos. Exhuberante nas formas, efectiva e efectista, plena de vigor durante toda a representación, metafórica, cun texto soberbio, altamente emotiva, electrizante para o noso corazón (tan gastado).
Xosé Carlos Caneiro - La Voz de Galicia (23-VII-06)

En certo sentido, Sarabela plántalle cara a esa sucesión de violencias que Shakespeare verbaliza. Vólvelles a contundencia carnal como un afiador fai do metal un instrumento perigoso. A compañía esquiva hacer elipses sobre o carácter violento da obra, busca unha verosimilitude na contundencia escénica con que a obra vai á última batalla de Macbeth intramuros. Hai un deixé épico (...) Sarabela vaa a Macbeth sen lerias, por demostrarlle ao espectador ata que punto resulta difícil de aceptar que hai algo no humano que é así. Violento, cruel e pouco razoable.
Camilo Franco - La Voz de Galicia (24-VII-06)

Con esta nova montaxe, a compañía ourensana volve a demostrar o seu bo facer á hora de resucitar clásicos.
GENTES (Tierras de Compostela) (10-X-06)

O público terá ocasión de disfrutar dunha das pezas máis aclamadas de W. Shakespeare da man da que moitos consideran a compañía máis prestixiosa e premiada do panorama teatral galego(...) Sarabela teatro adquiriu ao longo dos anos unha linguaxe teatral moi particular cun estilo perfectamente recoñecible no que se premian a beleza das escenografías e atrezzo, sempre impactantes e imaxinativos. Ademais o público poderá disfrutar do exquisito traballo do elenco de actores que encarnan esta célebre peza de Shakespeare.
A Estrada -Faro de Vigo- (13-X-06)

















ÚLTIMAS MONTAXES /Sarabela teatro/

2006/ Macbeth/ W.Shakespeare/Dir. Helena Pimenta

2005/ O Heroe/ Manuel Rivas/Dir.Ánxeles Cuña Bóveda

2004/ A gata con botas/ Ánxeles Cuña Bóveda /Dir.Ánxeles Cuña Bóveda

2004/ Caricias/ Sergi Belbel /Dir.Ánxeles Cuña Bóveda

2003/ Así que pasen 5 anos/ F.G.Lorca /Dir.Ánxeles Cuña Bóveda

2002/ A conxura dos necios/ J.Kennedy Toole /Dir.Ánxeles Cuña Bóveda

2001/ Sexismunda/ La vida es sueño, P.Calderón de la Barca /Dir.Ánxeles Cuña Bóveda

2001/ A illa amarela/ Paloma Pedrero /Dir.Ánxeles Cuña Bóveda

2000/ O lapis do carpinbteiro/ Manuel Rivas /Dir.Ánxeles Cuña Bóveda